

1.No seguinte texto identifica todas as formas preposicionais. unha vez localizadas clasifícaaas segundo sexan preposicións ou locucións prepositivas:

De novo era aquela folla branca, cirúrxica, do coitelo que lles cortaba a fala. Chegou a sentir terror; unha sensación fría e silandeira que case que lle amolentaba os membros mentres que el coa súa mente des- esperadamente en branco, buscaba algo que dicir, algo que os salvase ós dous da catástrofe. Pousou a ollada no radiador un segundo e despois nos vidros da fiestra e todo inutilmente. Probou coa axuda dun cigarro que el albiscara na súa embrolla sobre a pequena mesa chea de novelas e papeis con verbetes onde estudiaba Luísa. Acendeuno, e deulle algunhas chuchadas. Logo, desalentado, arrechegouse ó lei- to. Forzou un sorriso.

– A ver... Que che pasa? –Luísa non respostou–: Deprimida? – preguntou Xoán. Agardou uns segundos, de pé, á beira da cama, xunto ó cabezal, algunha resposta vaga das que ela adoitaba dar cando se ato- paba así. Ó cabo Luísa moveu as pálpebras e describiu un aceno impreciso coa man dexergándoo cos seus ollos grandes e profundos, dende o leito. Non. A súa voz era lenta, fatigada, Xoán simulou unha certa sorpresa. Non? Ela suspirou, engruñou os ombros, dixo, Non sei. É igual.

Ficaba así deitada por riba da colcha, totalmente vestida. Nos cuartos veciños imperaba o silencio. Xa non se oían as risas habituais nin animadas farangullas de conversas. As compañeiras coas que Luísa compartía o piso ficarían todas fóra, sen dúbida, a aquelas horas.

Anxo Rey Ballesteros, *Dos anxos e dos mortos*

2.clasifica e indica o valor que teñen as conxuncións nas seguintes frases:

- Como non te poñas agora a traballar non terás tempo.
- A policía despregouse de maneira que os manifestantes non puidesen achegarse alí.
- Así que chegaron meus pais xa comezaron os problemas.
- Estou seguro de que o choio non foi como nolo contaron.
- Conseguirei os meus obxectivos, así morra no intento.

3,Procura no diccionario o significado das seguintespreposiciónsoulocuciónsprepositivas.

a prol de , co gallo de , por mor de , agás ,consonte ,salvante, deica ,encol de , so, a rentes de , malia , verbo de , perante

4.Sinala os diferentes valores de que.

- Eu xa sabía que el non chegaba en tempo.
- Leva a Andrea ao parque, que seguro que quere.
- Meu pai é maior que o teu.
- O lapis que me prestaches non ten punta.
- Roxo é apelido, que non alcume.
- É posíbel se sabes facelo, que non saberás...

5. En que casos *cando*, *como* e *onde* son adverbios e cales outros constitúen conxuncións?.

- Tráeme un café cando poidas.
- Lembras o día cando comezamos a mocear?
- Adoro a maneira como me ollas.
- Fai como queiras.
- Preciso un spa onde poder relaxarme.
- Espereite unha hora onde me dixeches, mais non apareciches.

6. Corrixe encada enunciado os erros nos adverbios, nas preposicións e nas conxuncións.

-Coma chego a casa a partires de as once de anoite, apenas vexoaos meus veciños.

-O kiwi non se cultiva deica o s. xx.

-Ía cara escola de vagarsinsedecatar que o sábado por a mañán non hai aulas.

-Según o avogado, o home apuñalou á mu- ller por as costas canavalla. Sen embargo, isto ocultouse.

-A veces imaxino que es máis lista ca min.

-Non vou a pedirche que te desculpes, an- que agradecería foses mais amábel.

-Pra que queres saber se Rocío superou en votos ao outro candidato?